biblioteca pública de santiago ánxel casal

# CANDO A CANDELORIA CHORA...

04/02 - 28/02

Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal

Mostra bibliográfica

*Cando a Candeloria chora... a metade do inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, mitá do inverno está por pasar.*

*Cando a Candeloria chora a mitá do inverno está fóra; se chora ou ri, o inverno está por vir, e se chora ou fai vento, inda o inverno está dentro.*
*O día da Candelaria, si chora ou venta, inverno entra. E si non venta nin chora, inverno fóra.*
*Pola Candeloira casan os paxariños e maila galiñola.*

Presentamos unha selección de libros infantís nos que se festexa o regreso da luz e das aves migratorias e comezan os cortexos entre elas.

O Día da Candeloria ten orixe nos cultos pagáns da fertilidade e dos ciclos da natureza, que como a noite de San Xoán, a Semana Santa, o Nadal e moitos outros, acabou por ser cristianizado. Neste caso tratábase do ritual do lume, coas súas virtudes apotropaicas (de afastamento de desgrazas, protectoras).

Na antiga Roma celebrábase as Lupercais, a festa do lume e na honra da fertilidade. Nesta festa, realizábase unha procesión con candeas acendidas de noite.

No ano 492, o Papa Xelasio crea a festa da Purificación da Virxe María, que é conmemorada o 2 de febreiro. O nome da Candeloria está orixinado pola procesión realizada dentro da igrexa con candeas benditas, festa que substitúe e cristianiza a festa pagá romana e que posibelmente sexa orixe da actual Día da Candeloria.

Pódese visitar na sala infantil durante o horario de apertura da biblioteca.



## DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

Boletín coa bibliografía da mostra

| | | |
|---|---|---|
| Exposición | Público infantil Público xuvenil | Entrada de balde |